

## **Acta da Comisión Permanente do día 13 de outubro de 2010**

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 13/10/2010.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 13/10/2010.
- III. Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta Comisión Permanente.
- IV. Documentación referente ás solicitudes de validación de actividades por créditos de libre elección.
- V. Calendario de prácticas de campo e saídas de estudo para o primeiro cuadrimestre do curso 2010-2011.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 4 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida pola Subdirectora Xefa de Estudos, Dona Natalia Caparrini Marín, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

**1. Lectura e aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores: 21 de xullo de 2010 e extraordinaria de 28 de setembro de 2010.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas correspondentes as sesións celebradas o 21 de xullo de 2010 e o 28 de setembro de 2010.

**2. Aprobación, se procede, da validación/adaptación de materias.**

Ao non ter ningunha solicitude presentada, pásase ao seguinte punto na orde do día.

**3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de proxectos fin de carreira.**

A Comisión acorda aprobar os títulos e tribunais de proxecto fin de carreira que se relacionan no anexo III.

**4. Concesión se procede de 7ª convocatoria ós alumnos que a solicitaron.**

Ao non ter ningunha solicitude presentada, pásase ao seguinte punto na orde do día.

**5. Validación, se procede, de cursos/actividades por créditos de libre elección.**

A Comisión acorda conceder o recoñecemento de créditos de libre elección ás actividades que se detallan na seguinte taboa:

<b>CURSOS / ACTIVIDADES</b>	<b>DATA DE CELEBRACIÓN / DURACIÓN</b>	<b>CRÉDITOS CONCEDIDOS</b>
XI CONGRESO INTERNACIONAL DE PATRIMONIO GEOLÓGICO Y MINERO	Do 22 ao 26 de setembro de 2010 – 45 horas	3 CLE

<b>CURSOS / ACTIVIDADES</b>	<b>DATA DE CELEBRACIÓN / DURACIÓN</b>	<b>CRÉDITOS CONCEDIDOS</b>
Combustión and heat transfer	Materia cursada a maiores na Università degli Studi di Cagliari – 6 CFU credits	6 CLE
Inglese científico per ingegneri	Materia cursada a maiores na Università degli Studi di Cagliari – 3 CFU credits	3 CLE
Controlo dei processi in regime di qualita	Materia cursada a maiores na Università degli Studi di Cagliari – 6 CFU credits	6 CLE
Lingua italiana A2	Materia cursada a maiores na Università degli Studi di Cagliari – 3 CFU credits	3 CLE
Regeneration of landscape	Materia cursada a maiores na Technical University of Ostrava – 4 ECTS credits	4 CLE

En relación ao “Curso de FORMACIÓN BÁSICA EN SOCORROS: PRIMEROS AUXILIOS”, a Comisión acorda deixar en suspenso a validación deste curso a espera de cotexar os seus contidos co curso organizado pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria.

En relación á solicitude de validación da “Colaboración con “MONUMENTI APERTI 2010””, a Comisión acorda deixar en suspenso a validación deste curso a espera de que o alumno complete a información sobre dita actividade.

## 6. Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2010-2011.

A Comisión Permanente aproba por asentimento o calendario de prácticas de campo e saídas de estudo para o primeiro cuadrimestre do curso 2010-2011, que se achega a esta acta como anexo V.

## 7. Sorteo dos membros da Comisión de Avaliación Curricular que actuará no curso académico 2010-2011.

Procédese á realización do sorteo entre as areas e profesores con docencia na E.T.S.E. de Minas, co seguinte resultado:

<b>ÁREA</b>	<b>PROFESOR</b>
<b>Titular:</b> 600 Mecánica de fluídos <b>Suplente:</b> 720 Proxectos	<b>Titular:</b> Dona Secundina García Conde <b>Suplente:</b> Dona Itziar Goicoechea Castaño
<b>Titular:</b> 535 Enxeñaría eléctrica <b>Suplente:</b> 065 Ciencia dos materiais	<b>Titular:</b> Don Antonio Quicler Costas <b>Suplente:</b> Dona Julia Cristobal Ortega
<b>Titular:</b> 710 Prospección e investigación mineira <b>Suplente:</b> 590 Máquinas e motores térmicos	<b>Titular:</b> Don Enrique Orche García <b>Suplente:</b> Don Fernando Cerdeira Pérez
<b>Titular:</b> 280 Estratigrafía <b>Suplente:</b> 545 Mecánica	<b>Titular:</b> Don José Bienvenido Díez Ferrer <b>Suplente:</b> Don Gerardo Peláez Lourido

Ademais, por se a área afectada na avaliación curricular fora unha das anteriores, noméanse aos seguintes extras:

ÁREA	PROFESOR
<b>Titular:</b> 650 Organización de empresas <b>Suplente:</b> 520 Sistemas e automática	<b>Titular:</b> Don Miguel Ángel Comesaña Benavides <b>Suplente:</b> Don Fernando Vázquez Núñez

## 8. Admisión a trámite, se procede, de solicitudes de Avaliación Curricular, e nomeamento das Comisións de Avaliación.

A Comisión acorda admitir a trámite as seguintes solicitudes de avaliación curricular:

ALUMNO	MATERIA	ÁREA AFECTADA
	Enxeñaría do Terreo, Xeotécnica e Mineira	Explotación de minas
	Resistencia de Materiais I	Mecánica dos medios continuos e teoría de estruturas

As Comisións que valorarán as solicitudes serán as resultantes do sorteo celebrado no punto anterior desta sesión da Comisión Permanente, ademais do profesor designado por cada unha das áreas afectadas e o alumno nomeado por cada un dos solicitantes.

## 9. Rolda aberta de intervencións.

José María Correa comenta que na materia de 3º curso, "Tecnoloxía Química" ten 55 anotados para prácticas e polo tanto deberían corresponder 3 grupos.

A Xefa de Estudos respóستalle que cando se peche a matrícula e se coñeza o número exacto de matriculados reclamaranse todos os grupos de prácticas de todas as materias ás que lles corresponda.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 39 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, trece de outubro de dous mil dez.

Vº e prace

O Presidente  
(Por suplencia)

O Secretario

Natalia Caparrini Marín

Enrique Granada Álvarez

## **ANEXO I**

**Convocatoria da Comisión Permanente do 13/10/2010**

## **ANEXO II**

**Asistentes á Comisión Permanente do 13/10/2010**

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 13 de outubro de 2010</b>
<b>Presidente da Comisión</b>
Natalia Caparrini Marín
<b>Secretario</b>
Enrique Granada Álvarez
<b>Subdirector</b>
José Benito Vázquez Dorrío
<b>Profesorado</b>
José María Correa Otero
Fernando Cerdeira Pérez
<b>Alumnos</b>
Pablo Sobrino Vázquez
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

Excusan a súa asistencia:

- Leandro Alejano Monge
- Fernando García Bastante
- Manuel Alejandro González Fernández

**ANEXO III**  
**Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados**  
**por esta Comisión Permanente**

## **ANEXO IV**

### **Documentación referente ás solicitudes de validación de actividades por créditos de libre elección**

## **ANEXO V**

### **Calendario de prácticas de campo e saídas de estudo para o primeiro cuadrimestre do curso 2010-2011**

## CALENDARIO DE PRÁCTICAS DE CAMPO E SAIDAS DE ESTUDIO

Curso 2010/2011

RELACIÓN PRIORIZADA DE ACTIVIDADES A REALIZAR NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE

<i>Nº Referencia</i>	<i>Materia</i>	<i>Titulación</i>	<i>Destino</i>	<i>Nº previsto de alumnos</i>	<i>Data prevista da viaxe</i>
1.	<i>Avaliación de impacto ambiental / Contaminación de solos</i>	<i>Máster en Tecnoloxía Medioambiental</i>	<i>Meirama</i>	15	29/09/2010
2.	<i>Avaliación do estado de conservación dos bosques de Galicia</i>	<i>Máster en Tecnoloxía Medioambiental</i>	<i>Serra da enciña de Lastra, Concello de Rubiá e Devesa de A Rogueira</i>	4	27 e 28/09/2010
3.	<i>Sondaxes / Laboreo / Explosivos e xeotecnia</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>Vedra</i>	40	17/12/2010
4.	<i>Estratigrafía</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>A Guarda (Pontevedra)</i>	50	12/11/2010
5.	<i>Enxeñaría xeambiental</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>As Pontes(A Coruña)</i>	--	--/12/2010
6.	<i>Laboreo e explosivos</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>O Porriño(Pontevedra)</i>	40	05/11/2010
7.	<i>Mineralurxia</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>Salvaterra</i>	--	19/01/2011
8.	<i>Proxectos</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>Vigo</i>	--	23/11/2010
9.	<i>Explosivos</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>Berducido</i>	--	--/11/2010
10.	<i>Xeotecnia</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>Carballiño ou San Estevo de Ribas de Sil (Ourense)</i>	20	20/12/2010
11.	<i>Tecnoloxía do medioambiente</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>Forestal do Atlántico (A Coruña)</i>	--	--/12/2010
12.	<i>Xeoloxía ambiental</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>Lousame / Sogama - Cerceda (A Coruña)</i>	--	--/12/2010
13.	<i>Tecnoloxía do medioambiente</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>Vigo (EDAR)</i>	--	--/12/2010
14.	<i>Ciencia e Tecnoloxía de materiais</i>	<i>Enxeñaría de Minas</i>	<i>O Porriño</i>	40	11-01-2011